



*Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela*

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento urbanístico de Santiago de Compostela, froito do deseño do Plan Xeral do ano 2008, partiu dunha previsión de crecemento excesiva. Esa previsión, xunto coa actuación urbanizadora, absolutamente frenética, da empresa municipal EMUVISA, xerou no noso Concello unha serie de espazos inconexos e de ámbitos baleiros, nos que se mesturaron zonas de nova planta, xunto con pezas de solo aínda sen desenvolver.

A paralización do mercado inmobiliario, así como a entrada en concurso de acredores de moitas das sociedades que pretendían desenvolver diferentes proxectos inmobiliarios na nosa cidade, trouxo como consecuencia a existencia de espazos degradados, edificacións baleiras e zonas da nosa cidade aínda por desenvolver. Un problema que, sen dúbida, require unha especial atención por parte do Concello.

Unha das zonas na que a problemática descrita deriva nun deterioro da vida cotiá é a zona de Volta do Castro, na rúa dos Roláns.


A ocupación de vivendas nesa zona está a provocar un deterioro importante da convivencia en todo o barrio: actividades presuntamente ilegais, ruído e ocupación das rúas para usos que molestan á veciñanza, festas, consumo de alcohol, ocupación de vivendas que non presentan as mínimas condicións de habitabilidade (co risco que isto pode significar para esas persoas), familias con nenos presuntamente sen a debida atención e escolarización, etc...son algún dos problemas, que por desgraza, están a padecer os veciños desa zona da cidade.

Por parte do anterior Goberno municipal adoptáronse medidas para incrementar a presenza dos efectivos da Policía Local nese ámbito e tratouse tamén de colaborar cos propietarios dos solares existentes na zona para buscar unha solución definitiva.

Conforme ás anteriores circunstancias o Grupo Municipal Popular formula o seguinte Rogo ao Goberno Municipal:

Que por parte do Goberno, a través dos departamentos de Servizos Sociais e de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, se actúe para resolver os problemas detectados na zona da rúa dos Roláns.

Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2015.



Asdo.: Agustín Hernández

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela